

E mireino,  
coma se nunca chorara por el,  
pensando que esta sería a derradeira vez.  
Desafiei esos ollos grisáceos  
fundíndome lentamente neles.  
As súas pálpebras molladas pola choiva,  
decíanme que esta sería a última vez que os vería abertos.  
Pero non quixen creerme esa situación,  
para sentila menos real.  
Pero non.  
Non logrei despertar,  
porque aquilo non era un soño.  
Eras ti, simplemente ti.  
Despedíndote de todo,  
de min,  
de ti tal vez.

Nunca o logrei entender  
se moito antes de apretar o gatillo,  
a túa historia, a nosa historia,  
xa rematara.  
Nunca saberei se aquel era o teu principio,  
ou o teu final.

Nin tampouco quería sabelo,

xa que,  
tiveras o motivo que tiveras,  
non formarias parte do futuro.

Tan só ías transformarte,  
na mellor maneira de recordar o pasado.

Cores que se fusionan facéndose un.

Así como as ondas cobren a area

e os seus grans se perden no mar.

Cores que nos fan sentir máis do observado,

deixando de lado o común, o simple.

E, nun instante, o ceo vólvese unha fogueira,

unha chama roxiña e laranxa

que promete ser mais intensa aínda.

Porque cada solpor e diferente,

e cada un, ten o seu propio espectáculo.

Aínda o sinto aquí.

Invádeme a nostalxia

ao recordar todo o que vivimos.

Xuntos.

Un forte arrepío percorre o meu interior

provocando a maldita tristeza

na que me sumerxiu.

Quixera que so fora un sono

pero o meu demacrado rostro no espello

recórdame que non.

Que non está,

que se foi.

Todas as súas palabras,

que me doían como puñais no peito,

aínda me retumban na cabeza.

Ás veces resultame imposible non extrañalo,

pero o tempo ensinoume,

que xa non e a mesma persona,

da que me namorei.

Necesito odiarte  
para deixar de pensar  
en tódalas veces que te quixen.  
Para esquecerte, deixarte ir,  
E é demasiado difícil ver como te vas  
da man doutra persoa.  
Necesito odiarte,  
deixar de finxir que todo vai ben,  
a pesar de que non.  
Desengancharme do bo que tes  
e fixarme no malo que me das.  
A veces penso que me torturo  
que non sei elixir á persoa correcta  
e comezo a odiarme.  
Odiarme por quererte.  
Por seguir finxindo que aínda te acordas de min,  
que vas voltar.  
Necesito odiarte  
para que por fin  
poida deixar de odiarme.